



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E CORPORACIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (“O Agro” e “Labranza”), 2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaría xeral técnica da Consellería do Medio Rural,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar coa Televisión de Galicia, S.A, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 29 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para o desenvolvemento dos programas “O Agro” e “Labranza”, que emite Televisión de Galicia S.A., á quen lle corresponde o establecemento da liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro. Que a Televisión de Galicia S.A. ven emitindo dende 9 de marzo de 1991 os programas "O Agro" e "Labranza", o que os converte, con máis de vinte anos de historia, nuns dos espazos decanos da televisión na Comunidade Autónoma. A creación de ambos os dous programas foi proposta e promovida directamente pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes como un servizo público de información para o sector agropecuario e forestal e para os habitantes do medio rural, no que a consellería competente nesta materia ven prestado a súa colaboración.

Segundo.- Que durante o ano 2016, o programa "Labranza" registrou unha cota de pantalla do 15.0% e unha audiencia media de 80.000 espectadores. Pola súa banda o espazo “ O AGRO” que se emite no programa “A Revista” contra as 13:25h. acadou unha cota de pantalla estimada do 10.1% (40.000 espectadores). Ademais de estar na primeira canle de Televisión de Galicia, este programa emítese para toda Europa e América a través da canle internacional da CRTVG.

Terceiro. Que os obxectivos informativos dos dous programas son os mesmos: a difusión de temas de actualidade e interese para o sector agrario, forestal e rural, o que inclúe información actualizada sobre as cotizacións dos mercados gandeiros, as





distintas liñas de axudas ás que poden optar os agricultores ou avisos de pragas e enfermidades, entre outros.

Cuarto. Os ditos obxectivos coinciden cos previstos no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, que coa súa participación pretende levar a cabo un servizo de difusión na televisión pública que ten por obxecto a divulgación de mensaxes que contribúan ao desenvolvemento do medio rural e a mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que se dedican en Galicia á actividade agrogandeira e forestal.

Quinto. Que a Consellería do Medio Rural considera á Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A., por razón do seu alto grao de audiencia nas zonas rurais e a súa raizame na sociedade galega, un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados co sector agrogandeiro e forestal e ao mesmo tempo, que por este medio se considera de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta a este sector no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

Sexto. Que a Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A., como sociedade pública, ten o interese e o deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos na importancia que ten o sector agrogandeiro e forestal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 27 de xullo de 2017.

